

## Á Mesa da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Abel Losada Alvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co aumento da inflación rexistrado en Galicia no primeiro cuadrimestre de 2017, en relación coas previsións iniciais, así como coa media do Estado (10/PNC-000954, documento número 9136)

### Emenda de adición

Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“ - Demandar ao Goberno de España que no marco do Pacto de Toledo, inicie un proceso de negociación coas forzas políticas que permita afrontar a sostibilidade do sistema público de pensións, garantindo ademais do mantemento do mesmo, unha progresiva ganancia de poder adquisitivo, especialmente daquelas que se atopan por baixo do Salario Mínimo Interprofesional.

### Emenda de adición

Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“ - Reforzar e mellorar os mecanismos de control e defensa da competencia e dos consumidores no marco das competencias autonómicas, a través do *Instituto Galego do Consumo e da Competencia*, dotándoo de mais recursos orzamentarios e obxectivos avaliados anualmente.”

 Grupo Parlamentario

### Emenda de adición

Débese engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“ - Definir con claridade e potenciar á colaboración coa *Comisión Nacional de Mercados y la Competencia* (CNMC) para melloral a competencia en aqueles mercados regulados nos que se sospeita a existencia de acordos de prezos por parte dos ofertantes.”

### Emenda de adición

Débese engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“ - Demandar a *Comisión Nacional de Mercados y la Competencia* (CNMC) que tome as medidas necesarias, iniciando os expedientes sancionadores pertinentes, en aqueles posibles casos de acordos de prezos por parte dos ofertantes.”

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/01/2018 16:49:34**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/01/2018 16:49:40**